



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Asunto:** Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento do tribunal e convocatoria das fases de concurso e de oposición do proceso selectivo dun/ha Técnico/a de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, do grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión no Concello de Laxe.

**Núm. Admvo. Expte:** 2024/E001/000008

**Expte. Decreto Núm.:** 2025/G003/000089

Vistas as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a selección dun/ha técnico/a de xestión como persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, pertencente ao Grupo A, Subgrupo A2, escala de Administración xeral, subescala de xestión, no Concello de Laxe e creación dunha bolsa de emprego, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 828/2024, de data 11/11/2024 e publicadas no BOP núm. 221, do venres 15 de novembro de 2024.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 35/2025, de 17/01/2025 aprobouse a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos á mencionada convocatoria, concedendo un prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte o da publicación desta listaxe para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a súa exclusión; publicándose no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal con data do 20/01/2025.

Rematado con data do 27/01/2025 o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de admitidos e excluídos para participar neste proceso selectivo,

De acordo co establecido na base sexta das bases da convocatoria deste proceso selectivo, esta Alcaldía, en virtude das atribucións conferidas pola normativa vixente

### RESOLVE:

**PRIMEIRO.** Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria do proceso para a selección dun/ha técnico/a de xestión como persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, pertencente ao Grupo A, Subgrupo A2, escala de Administración xeral, subescala de xestión, no Concello de Laxe e creación dunha bolsa de emprego, de acordo co establecido na base sexta das bases da convocatoria:

### RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Exento/a Proba de Galego
1	BLANCO TERNANDE, BELÉN	***1145**	Si
2	LEMA AMADO, NOELIA MARÍA	***5112**	Si
3	MARTÍNEZ REDONDO, JOSÉ	***5459**	Si
4	OTERO ABAD, XIANA	***8369**	Si
5	UZAL VIEITES, PATRICIA	***2873**	Si

### RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Exento/a Proba Galego	Causa de exclusión
1	HERMIDA FERNÁNDEZ, AIRAS	***6091**	Si	1, 2



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Causas de exclusión:

- 1.- Non achega o índice de méritos conforme ó modelo que figura no anexo III.
- 2.- Non achega o impreso de autoliquidación de taxas (conforme ao modelo do anexo IV).

**SEGUNDO.** Designar ao Tribunal Cualificador previsto na base sétima que estará composto polos membros seguintes:

Presidenta: Alejandra D. Fandiño Sánchez, secretaria-interventora do Concello de Sobrado  
Suplente: Julio Torreira López, monitor-coordinador deportivo do Concello de Laxe

Vogais:

Rosa M<sup>a</sup> Buján Ordoñez, secretaria-interventora do Concello de Curtis  
Silvana María Facal Martínez, AEDL do Concello de Cabana de Bergantiños

Emilia Alborés Lema, AEDL do Concello de Laxe  
Rosa M<sup>a</sup> Sánchez Martínez, AEDL do Concello de Vimianzo

Miguel Gómez Iglesias, técnico superior de xestión do Concello de A Coruña  
María del Carmen Varela Campos, orientadora laboral do Concello de Laxe

Secretaría: Begoña Carrasco García, secretaria-interventora do Concello de Laxe  
Suplente: María Garrote López, secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños

**TERCEIRO.** Fixar inicialmente en 3 as sesións a efectos retributivos dos membros/as do tribunal cualificador.

**CUARTO.** Convocar aos membros do tribunal cualificador para a constitución do mesmo e aos efectos de cualificación dos méritos da fase de concurso para o día 13 de febreiro de 2025, ás 10.00 h.

**QUINTO.** Convocar aos membros do tribunal para o día 20 de febreiro de 2025, ás 09.00 h para a preparación do exercicio da fase de oposición (Exame práctico) no Salón de Plenos da Casa Consistorial da Concello de Laxe, e convocar aos aspirantes admitidos, en chamamento único, para a realización do exercicio da fase de oposición (Exame práctico) o mesmo día, 20 de febreiro de 2025, ás 10.00 h na Sala de sesións do Concello de Laxe, sita na Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, en Laxe.

**SEXTO.** Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe.

Mándao e asíno, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O alcalde  
Asdo. Francisco Charlin Oróns

A secretaria-interventora  
Asdo. Begoña Carrasco García